

a auga na cultura galega

a auga que traballa

A AUGA COMO FONTE DE ENERXÍA

ENERXÍA HIDRÁULICA


A auga é unha fonte de enerxía sempre disposta para quen queira aproveitala. A auga dos ríos e regatos foi utilizada desde moi antigo para mover distintos enxeños hidráulicos: muíños para moer os cereais; mazos para traballar o ferro nas ferrerías tradicionais; batáns para bater os tecidos saídos dos teares artesanais, e máis recentemente, serras e máquinas téxtiles, entre outras aplicacións. Igual que para as regas a auga derivábase dos ríos mediante caneiros, presas e canles. Na actualidade úsase sobre todo para mover xeradores eléctricos.

A AUGA PON Á PEDRA A TRABALLAR.

Nos muíños auga e pedra traballan xuntos. A auga move a pedra. A pedra moe o gran.

En calquera río ou regato atópase algún muíño ou grupos deles, e por toda Galicia milleiros de variantes, desde os máis simples cun rodicio e unha moa, ata os grandes muíños industriais.

Hoxe case todos estes elementos, moitos restaurados, e algúns en condicións de funcionamento, forman parte do noso patrimonio etnográfico e histórico. Algúns completan o seu encanto coa súa situación en entornos naturais excepcionais.



Muíño de roda horizontal (rodicio)



Muíño de roda vertical (bruía)



Barro


O MUÍÑO

"Vexo nesta morea de pedras o paso do tempo. Vexo as silvas que agatuñan pra se facer donas do lugar. Vexo a auga do río que se arreda, que xa non fai danzar os rodicios. Vexo o que foi carreiro mallado de todos os veciños, carreiro do millo e do centeo arrincados á terra ano tras ano, pra se trocar en faríña-pan-mantenza. Vexo e non vexo no seu trafego ao tío Marcial enfulado, maquiando, sorrindo...

Fuxiron as moas brancas de pedra, o arrolar da cangalleira, a anterga música do tarabelo. Fuxeu a ringla dos saquetes de liño, e as historias de enchentes e afogados, e o parrafeo xeitoso da moza casadeira.

Todo se afundeu baixo desta cativa morea de pedras".

Xosé Neira Vilas, "Lar".



CANTIGAS

O muíño troula troula
bota faríña da roda,
a meiga da muíneira
ten un andar que namora.


Á porta daquel muíño
púxenme a considerar
as voltas que da o rodicio
e aínda as que ten que dar.

AS FERRERÍAS, MAZOS

ou MACHUCOS utilizaban a forza da auga para mover grandes mazos cos que se traballaba o ferro, os foles para avivar o lume da fragua, as rodas de puír e afiar para rematar as ferramentas, as prensas para dar formas e os tornos para facer os mangos. As máis recentes tiñan machucos máis lixeiros movidos por correas de transmisión.



Riotorto




Bogo (A Pontenova)




Rodas de afiar: mecanismos para afiar as ferramentas movidos por unha roda hidráulica.


AS SERRERÍAS hidráulicas eran instalacións para cortar madeira. As máis complexas utilizaban a auga para facer funcionar serras, tornos e cepilladoras mediante rodas de diferente tamaño e correas de transmisión.



Maceiras (O Covelo)



Os BATÁNS usábanse para mazar os tecidos de la. Os panos, despois de tecidos, colocábanse en pías con auga onde se golpeaban para estreitar e enlear as febras e darlles corpo e suavidade.



Mosquetín (Vimianzo)



Trazo



Petacán. Curioso enxeño que se instalaba nos regos de auga para espantar os paxaros producindo ruidos.